

REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 02/04/2019 13:56:02

Reclamante: [REDACTED]
Expediente. Nº **RSCTG 023/2019**

Correo electrónico: [REDACTED]

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo da disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada por [REDACTED], mediante escrito do que tivo entrada no Rexistro do Valedor do Pobo o 28 de xaneiro de 2019, a Comisión da Transparencia, considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. [REDACTED] presentou, mediante escrito do 25 de xaneiro de 2018, que foi remitido polo Consejo de Transparencia y Buen Gobierno e tivo entrada no Rexistro do Valedor do Pobo o día 28 de xaneiro de 2019, unha reclamación ao amparo do disposto na disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, por entender desestimada por silencio administrativo polo Concello de Pontedeume, a súa solicitude de acceso aos orzamentos do concello do ano en vigor, a nivel de partidas

O escrito viña acompañado de copia da súa solicitude e a requirimento da Secretaría da Comisión da Transparencia, o interesado acreditou a súa identidade mediante copia do seu DNI.

Segundo. Con data 1 de febreiro de 2019 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante Concello de Pontedeume para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 11 de febreiro de 2019.

Terceiro. Con data do 21 de marzo de 2019, ten entrada no Rexistro do Valedor do Pobo copia da información solicitada polo reclamante e informe do Concello de Pontedeume, no que en síntese manifesta o seguinte:

Por motivos da sobrecarga de traballo dos distintos departamentos municipais, non se contestaron as solicitudes de acceso en prazo. O documento de orzamento municipal solicitado aprobouse polo Pleno do Concello en data 28 de marzo de 2018 e publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 84 de 4 de maio e no portal de transparencia da entidade local.

Con data do 06 de marzo de 2019, remitiuse vía telemática ao interesado, un documento no que se lle comunica a posta á disposición e consulta do dito expediente na Intervención Municipal no horario que se lle indica. O interesado acudiu ao Concello para a consulta do dito expediente o día 12 de marzo e con data do 18 de marzo déuselle traslado da información solicitada por correo electrónico, acusando este recibo daquela na mesma data.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación perante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das ditas reclamacións.

A disposición adicional quinta da lei 1/2016, do 18 de xaneiro establece que a competencia para resolver esas reclamacións corresponderá, no suposto de resolucións ditadas polas entidades locais de Galicia, ao Valedor do Pobo, ao que se adscribe a Comisión da Transparencia, que por tanto é a competente.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 24 da Lei 19/2013, establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

O artigo 12 da Lei 19/2013, recoñece o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta, de acordo co disposto no artigo 13, como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma se configuran de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 17.3 da Lei 19/2013).

O obxecto da lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos se somete a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións se pode falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interporase no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou dende o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do Consejo de Transparencia y Buen Gobierno, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 143 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

De acordo co anterior, e dado que no presente caso o concello non resolveu expresamente, debe admitirse a reclamación presentada por estar en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

A solicitude do reclamante tiña por obxecto o acceso aos orzamentos do concello do ano en vigor, a nivel de partidas. O acceso á información pública está configurado na Lei como un dereito de amplo ámbito obxectivo e subxectivo e, especialmente, o concepto de información pública e, por tanto o posible obxecto dunha solicitude de información que a lei consagra é todo contido ou documento que obre en poder dun organismo suxeito á norma que fose obtido ou elaborado no exercicio das súas funcións. Este feito, entender que pode ser obxecto dunha solicitude de información calquera información que posúa o organismo ou entidade ao que se dirixa a mesma así como que non sexa necesario motivar a solicitude, polo que non está vinculada á titularidade dun interese por parte do solicitante, fai difícil cando non imposible, subtraer do marco da normativa de transparencia unha solicitude de información que cumpra as condicións indicadas na mesma.

Tanto o Concello de Pontedeume como o reclamante, puxéronse en comunicación telefónica coa Secretaría da Comisión da Transparencia, manifestando o primeiro que ía a poñer a disposición do interesado a información solicitada, e o reclamante que recibira un escrito do concello no que poñían á súa disposición a dita información.

De acordo co informe remitido polo Concello de Pontedeume, a información púxose a disposición do reclamante para a súa consulta nas dependencias municipais e posteriormente se lle remitiu mediante correo electrónico, tendo constancia o Concello da súa recepción, polo que procede a estimación da reclamación presentada por motivos formais, lembrando ao Concello da súa obriga de resolver as solicitudes de acceso á información no prazo dun mes que establece a Lei.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia


ACORDA

Único: Estimar por motivos formais a reclamación presentada por [REDACTED] contra a denegación, por silencio administrativo, da súa solicitude ao Concello de Pontedeume de acceso aos orzamentos do concello do ano en vigor, a nivel de partidas.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co previsto no artigo 8.3 a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2019

A presidenta da Comisión da Transparencia


Milagros Otero Parga